



## Datos do Expediente:

|   |            |
|---|------------|
| EXPEDIENTE XENERICO                             |            |
| Unidade Tramitadora:                            |            |
| Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN |            |
| Número expediente:                              | Documento: |
| TES/244/2021                                    | TES15I100  |
| 2Z3M2N686X1T0T4F15ED                            |            |
|   |            |

## RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA

Logo de ver o informe proposta da Tesoureira municipal (TES15I1NC) que transcrito literalmente di:  
**“INFORME PROPOSTA DA TESOURERÍA**  
**ASUNTO.- CALENDARIO FISCAL DO CONTRIBUINTE 2022**

Marta Roca Naveira, Tesoureira do Concello de Narón, en relación co asunto mencionado emite o seguinte informe proposta:

### Normativa

- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación
- Lei 58/2003, 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Ordenanza fiscal xeral nº 1 do Concello de Narón.
- Demais normativa concordante e de aplicación.

### Informe:

Primeiro.- E moi convinte, por parte do Concello, o fixar con suficiente antelación os prazos de cobranza que en período voluntario se van a outorgar aos contribuíntes para o pago dos tributos e resto de recursos económicos municipais cuxo cobro se esixa mediante padrón ou de forma periódica e respecto dos que o Concello non ten delegada, actualmente, a recadación na Deputación Provincial de A Coruña.

Por unha banda, obriga á Administración a cumprir determinados prazos nos cales deben estar confeccionados os expedientes e tramitados de modo completo, incluíndo a súa aprobación, remisión e publicación no BOP nos casos en que sexa preciso; e, por outra parte, aporta unha garantía aos contribuíntes que coñecen en todo momento e con suficiente antelación cando van a ter que facer fronte aos tributos e exaccións que se esixan dende o Concello.

Non debe esquecerse que o establecemento deste calendario supón, ademais, unha estimación dos fluxos de cobros que os mesmos van a producir, o cal posibilita parcialmente a confección dun presuposto de Tesourería co fin de axustar ao máximo as entradas e saídas de cobros e pagos do Concello.

Co calendario fiscal se incide na distribución temporal dos ingresos, regulando os fluxos de entrada ao tempo de diluir a presión fiscal ao longo do exercizo.

Por todo o exposto, propónse ao concelleiro delegado de facenda a adopción do seguinte acordo:

1º.- A aprobación do calendario do contribuínte para o exercizo 2022 conforme se detalla de seguido e no que figuran as datas de inicio e fin do período voluntario e a data de cargo das domiciliacións bancarias para cada un dos padróns indicados e que cumprirá asemade coa función de publicación do anuncio de cobranza a que se refire o artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por R.D. 939/2005 do 29 de xullo, en relación cos distintos prazos de cobranza que en período voluntario se van a outorgar ós contribuíntes para o pagamento dos tributos e outros ingresos de dereito público cuxo cobro se esixa mediante padrón de forma periódica ó longo do vindeiro exercizo 2022.



# CONCELLO DE NARÓN

| CONCEPTO                          | EXERCIZO E PERIODO | PERIODO VOLUNTARIO INGRESO | DATA CARGO DOMICILIACIÓNS |
|-----------------------------------|--------------------|----------------------------|---------------------------|
| TAXA RSU, PPPNT AUGA E SANEAMENTO | 2021/4º TRIMESTRE  | 03/01/2022-03/03/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA RSU, PPPNT AUGA E SANEAMENTO | 2022/1º TRIMESTRE  | 01/04/2021-01/06/2021      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA RSU, PPPNT AUGA E SANEAMENTO | 2022/2º TRIMESTRE  | 01/07/2021-01/09/2021      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA RSU, PPPNT AUGA E SANEAMENTO | 2022/3º TRIMESTRE  | 03/10/2021-05/12/2021      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2021/DECEMBRO      | 20/01/2022-21/03/2021      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/XANEIRO       | 21/02/2022-21/04/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/FEBREIRO      | 21/03/2022-23/05/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/MARZO         | 20/04/2022-20/06/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/ABRIL         | 20/05/2022-20/07/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/MAIO          | 20/06/2022-22/08/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/XUÑO          | 20/07/2022-20/09/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/XULLO         | 19/08/2022-19/10/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/AGOSTO        | 20/09/2022-21/11/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/SETEMBRO      | 20/10/2022-20/12/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/OUTUBRO       | 21/11/2022-23/01/2023      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SAF                          | 2022/NOVEMBRO      | 20/12/2022-20/02/2023      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2021/DECEMBRO      | 20/01/2022-21/03/2021      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2022/XANEIRO       | 21/02/2022-21/04/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2022/FEBREIRO      | 21/03/2022-23/05/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2022/MARZO         | 20/04/2022-20/06/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2022/ABRIL         | 20/05/2022-20/07/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2022/MAIO          | 20/06/2022-22/08/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2022/XUÑO          | 20/07/2022-20/09/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2022/XULLO         | 19/08/2022-19/10/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2022/SETEMBRO      | 20/10/2022-20/12/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2022/OUTUBRO       | 21/11/2022-23/01/2023      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA SERV. SOCIOCOMUNITARIO       | 2022/NOVEMBRO      | 20/12/2022-20/02/2023      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ALUGUER INSTALAC. DEPORTIVAS | 2021/DECEMBRO      | 05/01/2022-07/03/2022      | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ALUGUER INSTALAC. DEPORTIVAS | 2022/XANEIRO       | 04/02/2022-04/04/2022      | 1º día periodo impositivo |

|   |               |                       |                           |
|---|---------------|-----------------------|---------------------------|
| TAXA ALUGUER<br>INSTALAC. DEPORTIVAS                                      | 2022/FEBREIRO | 04/03/2022-04/05/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ALUGUER<br>INSTALAC. DEPORTIVAS                                      | 2022/MARZO    | 05/04/2022-06/06/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ALUGUER<br>INSTALAC. DEPORTIVAS                                      | 2022/ABRIL    | 05/05/2022-05/07/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ALUGUER<br>INSTALAC. DEPORTIVAS                                      | 2022/MAIO     | 06/06/2022-08/08/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ALUGUER<br>INSTALAC. DEPORTIVAS                                      | 2022/XUÑO     | 05/07/2022-05/09/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ALUGUER<br>INSTALAC. DEPORTIVAS                                      | 2022/SETEMBRO | 05/10/2022-05/12/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ALUGUER<br>INSTALAC. DEPORTIVAS                                      | 2022/OUTUBRO  | 04/11/2022-04/01/2023 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ALUGUER<br>INSTALAC. DEPORTIVAS                                      | 2022/NOVEMBRO | 05/12/2022-06/02/2023 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ACTIVIDADES<br>DEPORTIVAS  | 2021/DECEMBRO | 05/01/2022-07/03/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ACTIVIDADES<br>DEPORTIVAS  | 2022/XANEIRO  | 04/02/2022-04/04/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ACTIVIDADES<br>DEPORTIVAS  | 2022/FEBREIRO | 04/03/2022-04/05/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ACTIVIDADES<br>DEPORTIVAS  | 2022/MARZO    | 05/04/2022-06/06/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ACTIVIDADES<br>DEPORTIVAS  | 2022/ABRIL    | 05/05/2022-05/07/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ACTIVIDADES<br>DEPORTIVAS  | 2022/MAIO     | 06/06/2022-08/08/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ACTIVIDADES<br>DEPORTIVAS  | 2022/XUÑO     | 05/07/2022-05/09/2022 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ACTIVIDADES<br>DEPORTIVAS  | 2022/OUTUBRO  | 04/11/2022-04/01/2023 | 1º día periodo impositivo |
| TAXA ACTIVIDADES<br>DEPORTIVAS  | 2021/NOVEMBRO | 05/12/2022-06/02/2023 | 1º día periodo impositivo |
| PADRON TAXA OVP<br>CAIXEIROS<br>AUTOMÁTICOS E<br>MAQUINAS<br>EXPENDEDORAS | ANUAL/2022    | 05/04/2022-06/06/2022 | 1º día periodo impositivo |
| PADRON TAXA OVP<br>MESAS, CADEIRAS E<br>ELEMENTOS ANALOGOS                | ANUAL /2022   | 05/08/2022-05/10/2022 | 1º día periodo impositivo |
| PADRON TAXA OVP<br>FEIRON SANTA ICIA                                      | ANUAL/ 2022   | 05/10/2022-05/12/2022 | 1º día periodo impositivo |

## A.-Lugar de pago.

O pago da débeda tributaria ,en caso de non estar domiciliada, debe realizarse dentro do periodo de pago de recadación voluntaria indicado no calendario fiscal, mediante o seu ingreso na conta restrinxida de recadación aberta a tal fin nas entidades bancarias colaboradoras dirixíndose:

- A calesqueira das oficinas das entidades bancarias colaboradoras, distribuídas polo territorio nacional.
- Por internet e banca electrónica a través das páxinas web das entidades colaboradoras e en caixeiro automático.
- Por internet accedendo a <http://www.naron.es> a través do enlace á pasarela de pagos. E necesario que se dispoña do recibo posto que terá que teclear a emisora, identificación, referencia e importe que figuran no mesmo.



O documento cobratorio surtirá efectos dende o día de ingreso na conta restrinxida de recadación e terá validez, respectivamente, como xustificante de pago ou carta de pago:

- a) Coa certificación mecánica ou firma autorizada.
- b) Adxuntando o xustificante de pago impreso a través da banca virtual (internet)
- c) Adxuntando o xustificante de pago do caixeiro automático.

O Concello remitirá ao enderezo dos contribuíntes o documento cobratorio co obxecto de que o seu importe sexa ingresado no prazo voluntario nas contas restrinxidas do Concello a través de calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras: Abanca, Banco Santander, Banco Sabadell e Caixabank que admitirán ditos ingresos todos os días laborables para as mesmas durante as horas de caixa.

## **B.- Domiciliación bancaria.**

a) Ordes de domiciliación : A domiciliación estará vixente para sucesivos vencementos e por tempo indefinido, mentres que non se modifique ou cancele a súa petición.

A domiciliación deberá ser enviada ao Concello para a súa custodia e comunicada á Entidade Bancaria para que atenda ao recibo á súa presentación.

b) No suposto de recibos domiciliados, non se remitirá ao domicilio do contribuínte o documento de pago nin se lle dará o recibo para evitar cobros duplicados, sempre que a conta sexa a correcta, salvo que se devolva o recibo, se anule a domiciliación e o Concello tivera constancia delo e existira aínda prazo para pago en periodo voluntario.

Os pagos entenderanse realizados na data de cargo en conta de ditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso o que a tal efecto expida a entidade de crédito onde se atope domiciliado o pago (art. 38 Real Decreto 939/2005, 29 de xullo).

## **C.- Pago en voluntaria.**

O pago en voluntaria realizarase dentro dos prazos sinalados no calendario do contribuínte e en base ao establecido no artigo 62.3 párrafo segundo da Lei 58/2003, de 17 decembro. Transcurrido o prazo de ingreso sinalado, as débedas serán esixidas polo procedemento de prema, que determinará a esixencia dos recargos que establecen o artigo 28 e 161 da Lei Xeral Tributaria, e no seu caso, os xuros de mora e as costas do procedemento que se produzan.

## **D.- Xestión recadatoria en periodo voluntario da taxa de residuos sólidos urbanos e das prestacións patrimoniais públicas non tributarias pola prestación dos servizos de sumministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais pola sociedade mercantil municipal Cosma, SA.**

A empresa mixta municipal COSMA, en virtude do contrato administrativo de servizos para a colaboración na xestión e recadación da taxa de RSU formalizado co Concello, ordenanza fiscal reguladora da taxa de RSU e ordenanza fiscal nº 1 de xestión, inspección e recadación, queda autorizada para recibir o pago a conta da taxa de RSU o cal se realizará conxuntamente coa prestacións patrimoniais públicas non tributarias pola prestación dos servizos de sumministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais a través de documento de pago emitido pola empresa conforme ao Caderno 60 da Asociación Española de Banca (denominado "Recadación de tributos e outros ingresos municipais") no que se recollan os tres conceptos.

O pago en voluntaria da taxa e prestacións patrimoniais de carácter público non tributario realizarase dentro dos prazos sinalados no calendario do contribuínte e en base ao establecido no artigo 62.3 párrafo segundo da Lei 58/2003, de 17 decembro e a Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais públicas non tributarias pola prestación dos servizos de sumministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais. Transcurrido o prazo de ingreso sinalado, as débedas serán esixidas polo procedemento de prema, que determinará a esixencia dos recargos que



establecen o artigo 28 e 161 da Lei Xeral Tributaria, e no seu caso, os xuros de mora e as costas do procedemento que se produzan.

A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación

### **Lugares de pago :**

Os obrigados ao pago poderán abonar, en periodo voluntario, a taxa e as prestacións patrimoniais públicas non tributarias en:

-Caixa sita na oficina da empresa mixta municipal Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico, SA (COSMA).

-Conta/s bancarias de COSMA aperturadas nas entidades financeiras colaboradoras na recadación, actualmente: ABANCA Corporación Bancaria, SA e Banco Sabadell, SA.

O cobramento en voluntaria pola empresa COSMA das liquidacións correctamente domiciliadas farase a través das respectivas entidades financeiras domiciliarias nas datas fixadas no calendario do contribuínte aprobado polo Concello.

### **Formas de pago:**

-O pagamento na caixa sita nas oficinas de COSMA poderá efectuarse en metálico, cheque ou mediante tarxeta de crédito/débito.

-O pagamento a través das entidades financeiras ABANCA e Banco Sabadell poderá realizarse empregando calquera das modalidades que estas teñan dispoñibles.

2º.-Reservar ao concelleiro delegado de facenda a facultade de modificar o calendario cando motivos de índole técnica, debidamente xustificadas, impidan a xestión dos recursos económicos nas datas sinaladas, informando aos interesados coa suficiente antelación a través da páxina web do Concello, documentos cobratorios remitidos, etc.

3º.- Publicar o presente calendario fiscal o do contribuínte no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello para a súa difusión e xeral coñecemento.

4º.- O calendario do contribuínte para o exercizo 2022 é susceptible de recurso na vía contencioso administrativa por quenes sexan titulares de dereitos e intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación."

Esta concellería delegada, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve:

1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

***Ante min.  
(Dou fe da identidade do asinante)***